

Xabier Quiroga

Izan o da saca



Club de lectura, Biblioteca Ágora

Xabier Quiroga

Xabier Quiroga (Saviñao, Lugo, 1961-)



Autobiografía do autor na AELG

Pouca traza terá dicir que nacín terra adentro, onde o inverno achega solpores de xeadas e a primavera mima á lúa ceiba que, realmente, só busca amantes entre a braña. De novo fun e vin polos camiños, uns alleos, outros exóticos, e incluso padecín o duro asfalto que maza arreo até escarnecer no maxín. Coma todos. Agora matino, non sei se atinadamente ou non. Na idade, quizais me falte unha cuarta para madurar. Quizais. Se cadra por iso prefiro non dar contas do meu, para que coñezan mal o que non asoma e así poidan cavilar ou desconfiar. Así a todo, considérome un tipo un tanto listo de menos, que valora ó seu xeito as cousas que ve, os feitos que pasan. E máis as ideas, os sentimentos, que si importan. Será que, á mantenta, agardo que a folla caia antes de abrir a boca.

Por ter teño sorte de vivir alonxado e ver os paxaros na figueira, como peteirean e se perden. E sentilos. Como as horas que pasan e non voltan nas revoltas de cada camiño que toca andar. Será tamén que me doe o mundo este, tan fugaz e aproveitado que amosa o monetario e agocha valores verdadeiros. Por iso calo. Así de agoiro son, entre outros defectos do meu debe. Chegado de pouco ó caso da literatura impresa, onde percibo escasa reflexión e maior negocio, son tan novato que receo de case todo. Por suposto que non estou curado de espanto, de aí que non me entregue, de aí que me agoche como a toupa que só asoma terra virxe para respirar. Anque tamén teño que dicir que me praxe saber que aí detrás pode haber alguén que se interesa polo

Club de lectura, Biblioteca Ágora

que un escribe. Teima nova, seguramente.

Se por pedir é dado, prefiro que me lean, sempre e cando o tempo e a ousadía ceiben o instinto. Porque nesta época de tragar mentiras tan inmediáticas, e sabendo como sabes que o mesmo ruído non deixa ver con claridade e pensar é un privilexio con razón, convén non fiarse do que din. Pero nadiña. Como eu non fío da curuxa que me abouxa cada noite, como non fío do pali que nos enreda, como eu non fío de fiar o fuso das historias que son verdade. Por se acaso. Por iso che pido o mesmo. Desconfía. De min e do que digo. De todo. Se o precisas, fíate só do que interpretas, anque naza nos inventos da ficción que, como puñal, se espeta na propia vida. E gota a gota, desa ferida, vanse enchendo como páxinas os días. Un tras outro. Ata a derradeira.

De todo canta obra levo escrita, pouco dei. Atuado na braña, Era por setembro. E aínda sen saber se as mereces, alá ti, tómaas como che praza. Divertimento, historias reais, literatura á vella usanza, ficción pura. Pero cando as teñas entre as mans, fai o favor, que non che meta medo adentrarte na súa espesura. Non é tal. É novela, é conto. Que máis che dá o que sexa? Lembra que no atrevemento está o inicio de toda aventura. E, como se fose licor dunha botella de náufrago que abalou a marea e te procurou precisamente a ti, bébea a modo, pode ser pesar que escorreu polo sumidoiro dos lacrimais, pode ser unha mentira. Pode non ser nada, como cae de caixón que é este vivir.

E eu, no cabo, cando ó mellor teña algo máis que dicir, seguramente escoitarei como chove e lle darei dúas voltas antes de entregalo ao prelo. Seguramente. Coma esta autobiografía incompleta. Ou é que acaso importa onde naces ou onde paces? Ou é que a idade rabena as ideas? Con todo ás costas, neste caso podo dicir que vale o pecado, non o pecador. O pecado é a obra, o pecador é imaxe esvaída na néboa dos días, talmente coma min.

Entrevista a Xabier Quiroga

por Montse Dopico

Praza Pública [xornal dixital] 26/02/ 2016

<http://praza.gal/cultura/11271/hai-unha-mecha-acesa-que-di-moito-do-que-vira-xa-sexa-revolucion-ou-desfeita-dun-sistema-caduco/>

“Hai unha mecha acesa, que di moito do que virá, xa sexa revolución ou desfeita dun sistema caduco”

“A memoria e o intento de explicación do noso presente creo que van estar sempre comigo e aparecen acotío nas miñas novelas. Se a iso lle xuntas a procura da identidade dun pobo manexado, submiso, incapaz por veces de rebelarse contra o sistema, aínda sabendo a perversión política que o levou a ser o que é, temos parte dos ingredientes que enchen a pota que ferve nun lume de ficción”.



Iso di o escritor Xabier Quiroga nesta entrevista. E é un bo resumo do que é a súa obra, que repasamos, xunto coa súa última novela, Izan o da saca, (Xerais)

Nada máis comezar a novela vese a conexión con O cabo do mundo: o barqueiro, o taxista Reina, o tema da represión franquista... Pensaches, dalgunha maneira, esta novela como continuidade

Club de lectura, Biblioteca Ágora

de O cabo do mundo? Por que decidiches recuperar ao Reina?

Para nada. Izan o da saca ten entidade propia e esa conexión coa Ribeira Sacra foi o resultado dunha decisión de autor: onde situar os feitos concretos da historia que se quere contar? Despois de meditalo, descartei a primeira opción, o Courel, e decidínme pola zona que máis coñezo e que aparece nalgunha das miñas obras anteriores. O motivo: crín que lle cadraba mellor un refuxio nazi nun lugar recóndito e espectacular como é o Cabo do Mundo. E o do barqueiro como personaxe, resulta unha novidade na miña novelística, aínda que teña escasa participación. De todas maneiras recoñezo que o resultado provoca no lector unha inmediata conexión coa novela que nomeas. En canto ao Reina ou Reiniña como protagonista, foi o resultado doutra decisión: tiña a historia planeada e feitas as investigacións, tiña a zona onde quería situar o remate, faltábame un investigador que remexese nese pasado nazi galego, tan escuro e perturbador, e como non quería un detective con carné nin un policía ao uso, caín na conta de que o Reina da miña anterior novela lle acaía a esta. Como ves, escribir consiste, ademais doutras lerías, en tomar moitas decisións.

Se en Atuado na braña estaba a posguerra, en Era por setembro era a represión franquista, como en O cabo do mundo. En Izan o da saca aparecen a represión franquista e, sobre todo, o impacto da Segunda Guerra Mundial en Galicia, que aparece cada vez máis na nosa literatura. Optaches por este último tema por algún motivo especial?

Optei pola investigación dos nazis en Galicia porque, casualmente, caeu nas miñas mans un libro que tocaba este tema. Interesoume tanto que decidín que tiña que escribir unha novela na que recrease ese pasado oculto adrede e a súa relación co presente. Así, primeiro pasei un ano investigando: lendo, indo a sitios, falando con persoas e comprobando datos. Digamos que a investigación que se le na novela reproduce en certa maneira a feita por min. Pero falo de hai cinco anos, cando aínda non saíra nada de nazis na nosa literatura e case todo permanecía sepulto na memoria. Logo do traballo de campo, procedín á escrita, iso si, con moitas modificacións e reviravoltas. Como teño o vicio de traballar, ata quedar como saíu. En canto á continuidade temática no que escribo, non podo negalo. Sonche as teimas de cada un.

O historiador Emilio Grandío ocupouse do tema nun libro recente, Galicia na Segunda Guerra Mundial. Que mostra que Franco non foi precisamente neutral, e que Galicia foi un lugar importante desde o punto de vista xeopolítico (a espionaxe e contraespionaxe, o wolfram, etc). A túa novela incide, precisamente, nesa idea. É un xeito, en parte, de chamar a atención sobre esa relevancia do noroeste da Península na II Guerra Mundial?

Na novela amósanse feitos históricos demostrados, concretos en canto a personaxes, documentos e ideas, tamén da relación entre o fascismo e a igrexa española co nacionalsocialismo. Chamémoslle colaboración interesada nun primeiro lugar. Logo, a medida que a derrota fronte aos aliados se ve clara, todo virou. Entón había que ocultar as esvásticas e, mesmo, o saúdo. Iso non é unha tese, é unha realidade comprobada, pois moitas investigacións da novela son verídicas. Pero tamén teño

que dicir que se trata dunha novela, non dun tratado de historia ou dun libro elaborado por un historiador. Para logralo tiven que realizar unha profunda depuración do texto inicial, pois chegou un momento no que me decatei de que se achegaba máis á historia que á ficción. En definitiva, aínda que boa parte dos feitos amosados no libro aconteceron, quero deixar claro que son un novelista, non un historiador.

Manuel Varela non coñece o seu pasado, e por iso lle pide ao Reina que o investigue. En Atuado na Brañaun home buscaba no seu pasado familiar. En Zapatillas rotas tamén hai unha viaxe ao pasado. O mesmo pasaba en O Cabo do mundo. Por que esa presenza da investigación do pasado propio, da identidade, nas túas novelas?

Antes falei de teimas do autor. Nada máis atinado que esta pregunta a propósito da miña novelística. A memoria e o intento de explicación do noso presente creo que van estar sempre comigo e aparecen acotío nas miñas novelas. Se a iso lle xuntas a procura da identidade dun pobo manexado, submiso, incapaz por veces de rebelarse contra o sistema, aínda sabendo a perversión política que o levou a ser o que é, temos parte dos ingredientes que enchen a pota que ferve nun lume de ficción. E vaia metáfora que acabo de facer! Para explicala direi que tamén pretendín que *Izan o da saca* fose unha novela política, de denuncia e compromiso cos que sufriron e sofren as consecuencias dos que están por enriba.

Na técnica narrativa hai varios planos. Toda a historia que lemos é un escrito que lle chegou a un fiscal. Dentro da historia está a narración do Reina, a de Graciano, e o relato do que pasou na guerra e posguerra. Por que optaches por esta estrutura? Non dá a impresión de complexidade que daba por exemplo Atuado. En Izan o da saca hai algún elemento de novela negra...

A estrutura é un apartado que procuro traballar con esmero. Falo da aparente complexidade que amosa *Izan o da saca* e outras das miñas novelas. Aínda correndo o risco de perder aos lectores que empezan un libro e, se non se decatan ben por onde andan, abandonan, esa complexidade dálle á narración, a meu ver, un aquel inicial de pezas soltas ou elementos desencaixados que, se todo está ben trazado e co paso dos capítulos, acabarán ou deberían acabar encaixando completamente e dando unha sensación de conxunto sólido, único, de edificio completo ou rematado. Pero iso unhas veces lógrase e outras ao mellor non tanto. Por suposto sodes outros os que tedes que vulgar. En todo caso eu achégome a esa complexidade porque desexo que o lector faga un cativo esforzo de comprensión e soldadura do lido. E quixera engadir que *Izan o da saca*, tecnicamente, ademais de levar unha estrutura con marco, está composta por diversas pezas que só encaixan mentalmente ao final de todo. Así que, se non chegas ao final, mellor non opines.

Víctor, o estudante que paga coa vida a procura da verdade, fíxome pensar no rapaz de Se

Club de lectura, Biblioteca Ágora

buscabas un Deus, que tamén procura a verdade e paga as consecuencias. É outro tema recorrente nos teus libros: a procura da verdade como un xeito de enfrontarse ao poder, que quere agochala. Por que? O poder fronte á verdade está tamén en Zapatillas rotas, co poder representado polos medios...

Pois porque o poder é un monstro insaciábel de dominio e esmagamento do cidadán, sobre todo do que busca investigar a verdade de moitas actuacións corruptas ou ilegais. E bota man dos medios que lle fagan falta con tal de perpetuarse. Chega a tal dexeneración que non lle importa contar mentiras ou chegar ao asasinato. Porque non ten límites. Esta novela, quen queira lela en clave política, así o dá a entender, por moito que non se amose explicitamente.

En relación co anterior, sae polo medio o 15-M... e un discurso escéptico sobre o que movementos coma este poden conseguir, malia teren razón, debido á loita tremendamente desigual... As reflexións do personaxe son tamén túas, neste caso? Digo porque todas as túas novelas teñen que ver con iso: a loita contra o poder, a procura da liberdade... E semella raro que a posición sexa tan escéptica se o punto de partida é ese...

As reflexións do protagonista sobre os movementos sociais, neste caso o 15-M, son as de calquera que pense, que se pare e reflexione. Facéndoo, axiña se chega ao escepticismo, maiormente vendo os medios oficiais revolverse a toda mecha para esnaquizar esa rebeldía que non só é xeracional, senón que ten unhas raíces máis profundas. Pero as reflexións do personaxe principal da novela, se non coinciden exactamente coa miña visión, tampouco pasaría nada, pois os personaxes, por veces, son entes que adquiren algo así como independencia ou vida propia, e ti, como autor, non podes facer outra que deixalos moverse polos feitos e opinar. E falando deste tema, da mecha, creo que hai unha que segue acesa e con futuro, o que di moito do que virá, xa sexa revolucións ou desfeita dun sistema caduco. E xa non imos máis aló, á conseguente perversión de calquera sistema con boas intencións e sen definir ideoloxicamente.

Manuel Varela representa a renovación do PP fronte á vella garda, que representa Feijoo. Cando Manuel Varela dá unha rolda de prensa, promete solucións aos casos das preferentes e dos desafiuzamentos, a fin dos recortes... Mais Varela é, en realidade, un defensor das elites. É un retrato do PP actual?

É un retrato dos partidos políticos ao uso, os que aínda espernegan. O retrato dos que só miran por unha perpetuación do poder e das súas contas, dos que defenden unhas estruturas nas que se instalaron e se senten cómodos, sendo incapaces ademais de ollar para a cidadanía asfixiada polas grandes entidades do capitalismo, xa sexan bancos, multinacionais de todo tipo ou fondos de investimento, esas que engrosan os seus beneficios e non lles preocupa a miseria, os

refuxiados, a explotación, os desafiuamentos... En Galiza e nesta novela aparece o PP porque é quen goberna, pero noutros lados é outro partido e hai que denunciálo tamén.

Hai personaxes que citas que existiron, como Xan de Forcados. Outros parecen inspirados en figuras reais. (Un historiador determinado, por exemplo). Que teñen de documentación e de ficción os personaxes principais? Mesturar as dúas cousas é algo que fas moito.

Gozo documentándome e investigando para as miñas novelas, recoñezoo. Tanto como escribindo. Nesa tarefa dou coa realidade de feitos e de persoas que, considero, son de novela. De aí que as verta nas páxinas. Pero unhas son realidade constatada e outras mera invención. Moitos lectores me teñen manifestado que se puxeron a buscar información sobre tal ou cal personaxe ou circunstancia, e iso é importante. Mover á acción. Procurar por un mesmo. E eu non vou descubrir canto é real e canto ficción. O que si me gustaría advertir é que seguramente o real supera ou é moito peor cá invención.

Dentro dos personaxes, resultan interesantes Armando (persoa marcada pola perda, igual que Manolita, marcada non só pola perda, senón polo abuso, en moitos sentidos), Gregorio ou Lelia. Lelia fai un bo contraste con Reina, por exemplo. Podes explicar como creaches estes personaxes?

Sería longo de explicar, e a literatura precisa máis escritores e lectores e menos “explicadores”. O que si podo dicir é que cada personaxe creado representa algo que o que se mete na trama debe descubrir, ou deducir. Por exemplo o que nomeas, don Armando, é o prototipo de mestre republicano represaliado e sometido aos antollos e brutalidades das forzas fascistas e da cregaxe, que daquela actuaban moi unidas. O Gregorio é o transmisor da memoria, do saber popular, a expresión máis viva do xeito galego de contar o que foi e de explicarnos como pobo. Lelia, personaxe tirado da miña afillada, representa a intelixencia lectora e complementa a un protagonista perspicaz virado cara á acción. En fin, todo o que son personaxes do pasado teñen o aquel de estudo que ao mellor ata pasa desapercibido. Por poñerche un exemplo: os dous represores que collen ao sancristán pola noite no seu coche para ir facer das súas polo Cabo do Mundo existiron en realidade, e con eses mesmos nomes.

Aínda que para personaxes interesantes, Manolita. O que lle vai pasar intúese bastante rápido. E garda relación co que lle pasa a Verónica. Non é a primeira vez que falas, nas túas novelas, de abuso sexual, violencia de xénero... Parece un xeito de chamar a atención sobre unha das peores formas de represión e violencia, e se cadra máis caladas. De feito, Manolita cala toda a vida.

Dona Manolita, a Loliña, é a beleza e a inocencia, a nena que se fai muller e pola que babean e se desatan os instintos primarios dunha sociedade profundamente desigual no xenérico. Machista a máis non poder, por deixalo claro. Pero tamén representa o tesón, a forza de vontade para

rexurdir e facerse a si mesma. Ela sobrevive ao horror e sae fortalecida porque a muller galega é capaz diso, sempre o foi. O que non quita que haxa que denunciar os feitos máis covardes, xa o realicen os nazis ou os nosos. E Verónica, como apuntas, é o mesmo ca Loliña, pero na época actual, onde semella que se perpetúan uns esquemas e unhas formas de actuar que semellan soterradas e que deberían dar noxo no século XXI, pero que aboian de cando en vez. E iso é porque seguen aí.

A novela apunta moito tamén á relación entre fascistas e nazis. Hai un personaxe, Merexildo, que representa algo así como a alienación, o espírito de servidume... pero que se rebela ao seu xeito. Ademais del, moitos fascistas da vila lévanse moi ben cos nazis. De igual xeito que a Igrexa (o mosteiro), ten moi boa relación co franquismo. Nestes retratos que fas, apuntas máis que a afinidades persoais. Digo porque se ten discutido se nazismo e fascismo á española son moi diferentes ou non... Na túa novela non o parecen.

A relación entre fascistas e nazis está, creo, clara, e na novela amósase o punto de vista dos que peneiraron a historia documental. Pero logo está o nivel individual de aproximación, personaxes que nun momento dado tiveron relación ou reaccionaron ao seu xeito cando se deu o contacto nazi. O Merexildo, xa desde a infancia e pola influencia de Walter Kutschmann na súa vida, amosa unha afinidade tan servil que semella trastorno ou irrealidade. Pero se o lector receoso neste apartado soubese a cantidade de homenaxes que os nazis recibiron na nosa terra por membros da clase media e alta, seguramente pensaría doutro xeito e verá servidume do Merexildo como a dun ser débil. Aínda así, criado sempre moi preto da Loliña, na aldea, é capaz de entendela e protexer o que sabe que é dela ao longo dos anos como o mesmo can gardián que foi dos nazis. En canto ao mosteiro de Samos... Cantos segredos gardan os seus muros! E non só polo que insiste e afirmar o Farandulo a propósito de Hitler e Eva Braun, senón polo que levou a cabo o abade Mauro e incluso polo que o sitúa na Ruta das Ratas cara a Sudamérica. Porque a Igrexa estaba co Réxime, co fascismo, e, engadido, cos restos do nacionalsocialismo alemán. E isto non o afirmo eu, senón cantos estudosos da Historia (con maiúsculas) se atreveron a remexer nestes feitos.

Algo máis que queiras salientar?

Pois case nada. Se acaso facer unha pregunta: novela negra? Non sei, non sei.

Quiroga presentará o día 16 en Escairón a súa novela «Izan o da saca», que se inspira na presenza alemá na Galicia da posguerra

[Entrevista a Xabier Quiroga] por Francisco Albo

La Voz de Galicia, O Saviñao: 29/12/2015

http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lemos/o-saviniao/2015/12/29/moitas-casas-monforte-tinan-mein-kampfescritor-do-saviniao/0003_201512M29C8991.htm

En moitas casas de Monforte tiñan o 'Mein Kampf'”



O 16 de xaneiro -ás oito da tarde- Xabier Quiroga presentará no Círculo Saviñao a súa sexta novela, Izan o da saca, que como a maioría das súas anteriores obras, discorre en boa parte nas terras do sur lucense. Quiroga retorna nesta novela aos tempos da posguerra galega, que tamén explorou no seu precedente libro, O Cabo do Mundo.

¿Que relación hai entre a súa última novela e a anterior?

En realidade esta novela sucede na época actual, pero móvese entre dous tempos históricos diferentes. Por un lado o tempo presente e por outro a época da posguerra. O protagonista é un personaxe que xa aparecía en O Cabo do Mundo, Reiniña, un taxista do Saviñao que tamén é unha especie de investigador privado. A este personaxe encárganlle unha investigación que o leva a remexer no pasado.

¿En que medida son reais os sucesos históricos aos que alude a novela?

Club de lectura, Biblioteca Ágora

É unha novela, unha historia de ficción, pero os acontecementos da posguerra que aparecen no libro son feitos históricos reais na súa maioría. Na novela hai un personaxe que fai unha investigación sobre eses tempos, pero esa investigación é real e foi feita toda por min. Isto foi un pouco problemático porque tiña que manexar unha cantidade moi grande de datos e cando escribía a novela houbo un momento en que parecía máis un estudo histórico, con moitas notas a pé de páxina. Ao final reducín moito esas notas e só deixei algunhas que me pareceron imprescindibles.

¿En que consiste a Ruta das Ratas da que fala no libro?

Quen acuñou esa denominación foi Simon Wiesenthal, o famoso cazador de nazis, para referirse ás rutas polas que escapaban de Europa os responsables do Terceiro Reich cando acabou a guerra mundial. Esas rutas pasaban por Galicia e confluían no porto de Vigo, por onde saíron moitos nazis cara ás Américas. En Galicia chamábaselle tamén a ruta dos mosteiros, porque moitos fuxitivos encontraron refuxio nos conventos. Por iso na novela aparece o mosteiro de Samos.

¿Foi moi importante a presenza dos nazis en Galicia?

Moito máis do que se pensa. O que sucedeu foi que en Galicia xa había antes da guerra unha presenza moi importante de alemáns, que estaban moi implicados nas explotacións mineiras. As actividades dos nazis móveronse moito en torno ás minas galegas de volframio e de ferro. As minas que foron administradas por alemáns eran moitísimas e hainas por todas partes. Na novela fálase delas. Por exemplo, as de Freixo en Monforte, as de Vila de Cruces, as de Casaio... Houbo personaxes importantes vinculados a esa actividade, como o enxeñeiro Guillermo Cloos, que foi o xerente das minas de Freixo e cónsul de Alemaña en Monforte. Estes personaxes tiveron relación con moita xente en toda Galicia e contaban con moitas influencias. Ese ambiente fixo posible que os nazis tivesen moita presenza en Galicia cando se estableceu o Terceiro Reich. Cando acabou a guerra mundial, o territorio galego converteuse nunha zona de refuxio e de paso para outros países.

¿Aos fuxitivos resultoulles fácil ocultarse en Galicia?

Contaban cunha rede de relacións moi importante, tiñan cartos e axuda e moitos conseguiron agocharse. Escondéronse un pouco por todas partes. Na súa maioría escaparon despois para a Arxentina, cando Juan Domingo Perón aceptou a acollida de refuxiados alemáns. En Galicia houbo moita xente que se relacionou con nazis mentres Hitler estaba no poder. Houbo unha época en Monforte na que moitas familias tiñan exemplares do Mein Kampf de Hitler, regalados por representantes alemáns. Despois da derrota de Alemaña, todo ese pasado tratou de ocultarse porque o feito de ter tratado con nazis pasou a ser moi inconveniente. Non era igual antes da fin da guerra, cando eses personaxes eran influentes e poderosos.


¿Houbo lugares onde se concentrasen especialmente os nazis?

En Vigo houbo unha presenza importantísima. Había familias enteiras. Hai que lembrar que alí atracaba un barco que abastecía aos submarinos alemáns durante a guerra, estaba tamén o cargadeiro de mineral de Cloos... Pero os nazis estiveron repartidos por toda Galicia

A novela «Izan o da saca», de Xabier Quiroga, Premio Arcebispo Sanclemente

En : Blog Xerais, 8 novembro 2016

<http://blog.xerais.gal/2016/a-novela-izan-o-da-saca-de-xabier-quiroga-premio-arcebispo-sanclemente/>




A novela [Izan o da saca](#), de [Xabier Quiroga](#), resultou hoxe gañadora do Premio Arcebispo Sanclemente na categoría en lingua galega, logo da reunión dos membros do xurado, composto por alumnos do IES Rosalía de Castro de Santiago, dotros catro institutos galegos e de seis centros máis de Gran Bretaña, Francia, Alemaña, Portugal, Estados Unidos e Rusia. Outra novela publicada por Xerais, [Amor en alpargatas](#), de [Manuel Portas](#), quedou finalista. Nas categorías de lingua española e lingua estranxeira resultaron gañadoras as novelas Cicatriz, de Sara Mesa, e Irène, de Pierre Lemaitre nesta vixésimo segunda edición do Premio San Clemente.

Os estudantes que conformaban o xurado salientario que [Izan o da saca](#) venceu por bastantes razóns, «xa que os personaxes están trazados con gran profundidade e son redondos, a estrutura da trama é tamén bastante complexa e o feito de que se desenvolvan dúas historias paralelas engancha» En palabras da alumna que fixo públicos os motivos de que gañase esta novela, chegaron a sentirse, ademais de lectores e lectoras, «investigadores» ao empregar a novela fontes de información que fan a historia moi verosímil, o que os obrigou a contrastar o narrado.

A trama de [Izan o da saca](#), de [Xabier Quiroga](#), que está xa na 3ª edición, comeza cando o Fiscal Superior de Xustiza recibe do seu editor un paquete que contén, ademais dun cartafol con noticias de varias mortes sen relación aparente, unha novela. Nela, un taxista con ínfulas investigadoras e lector empedernido acepta o delicado encargo dun coñecido político e empresario galego: desentrañar un suposto pasado nazi co que os seus inimigos poden relacionalo. Comeza así, ademais dunha engaiolante procura pola xeografía física e humana deste país, unha perigosa pescuda sobre un dos feitos históricos máis intrigantes da posguerra: a misteriosa «Ruta das ratas» ao seu paso polo noroeste da península Ibérica e cara ao refuxio nazi en América do Sur. Mesturando realidade e ficción, coa mestría da madurez narrativa e facendo encaixar as múltiples pezas desta novela negra nun insólito final, Xabier Quiroga atrápanos nunha trama que, da man do Reiniña, o seu protagonista, remexe no escuro duns feitos agochados no pasado pero que, sen remedio, salpican o presente.


Outras novelas de Xabier Quiroga:



Atuado na braña : Xerais, 2002


Tras coñecer un segredo familiar revelado pola súa nai, Luís Salgueiro, empresario da construción acomodado e triunfador, comeza unha viaxe pola terras de Lemos en busca das súa orixe. A represión militar da posguerra está no fondo da procura desta novela de intriga, escrita nunha prosa fermosísima e engaloiante. Unha novela, que ademáis trata temas tan actuáis como aborda outros temas de actualidade: a corrupción política e empresarial, os modelos de uso do idioma, ou as formas de vida tradicionais no mundo rural galego.

[Premio Losada Diéquez de creación literaria, 2003.](#) *Finalista Premio Novela Europea Casino de Santiago, 2002*



Era por setembro: Xerais, 2004

Aldara, a recente ministra do goberno de esquerdas, regresa a súa vila natal para asistir a un enterro dun dos seus seres queridos. Durante a súa precipitada viaxe, rememora o que sucedeu alí hai trinta anos, coincidindo co inicio da súa adolescencia. Unha novela sobre difícil tránsito á madurez e a consciencia. Unha novela breve pero intensa, coa que Xabier Quiroga confirmouse como unha das voces máis poderosas da actual narrativa galega de inicio de século.



O Cabo do Mundo: Xerais, 2009

«Que farías se non che quedase nada de vida?» Esta é a pregunta á que se dispón a responder un profesor diagnosticado de cancro terminal. Comeza así a súa procura do esencial da vida, unha investigación centrada en dúas teimas do pasado relacionadas co seu pai e coa muller que sempre amou. Partindo dunha minuciosa investigación histórica, mesturando realidade e ficción, reaparece Xabier Quiroga cunha novela que nos conduce a outro suxestivo espazo literario onde a memoria e a identidade se confunden: O Cabo do Mundo.


[Premio da Crítica de narrativa galega, 2009](#)

Club de lectura, Biblioteca Ágora



Se buscabas un deus: Xerais, 2006

A procura de Ivo, o rapaz protagonista, que arrinca do que semella un traballo universitario, convértese nun pretexto para denunciar o que paseniñamente acontece e deixamos pasar. Mesturando realidade e ficción, a novela vai atrapando ao lector no fío dunha inusitada trama que, ao tempo que presinte a desfeita, camiña parella á escolla do que nos quedará: resignarse ou buscar o amor e a liberdade. Unha novela que fará que o lector matine nun futuro demencial que está aí ao lado, como agardando, para someter a vida e a persoa.



Zapatillas rotas: Xerais, 2014

O señor Xaquín desaparece por sorpresa da residencia de anciáns na que pasa os derradeiros anos da súa vida. A mobilización para dar con el provoca un enredo que chegará ata extremos inusitados. Ao tempo que se produce esa delirante busca, os protagonistas, van espertar unha historia do pasado que semellaba durmida. Aínda que a lectura por veces provoque o riso, mostra un perfil de tristeza, xa que fala sobre os valores desta sociedade en crise irreversible.

[Premio da Crítica de narrativa galega, 2014](#)

Bibliotecas Municipais A Coruña



<http://www.coruna.es/bibliotecas>

Servizo Municipal de Bibliotecas de A Coruña Rúa Durán Loriga 10-1º , 15030, A Coruña Teléfono 981184384 / Fax :981184385 smb@coruna.es	
Biblioteca Municipal Ágora Rúa Ágora s/n 15010, A Coruña Teléfono 981189886 bagora@coruna.es	Biblioteca Municipal Infantil e Xuvenil Rúa Durán Loriga 10-Bjº , 15030, A Coruña Teléfono 98184388 / fax 981184385 binfantil@coruna.es
Biblioteca Municipal Castrillón Praza de Pablo Iglesias s/n 15009 A Coruña Teléfono 981184390 / fax 98118439 bcastrillon@coruna.es	Biblioteca Municipal Monte Alto Praza de los Abuelos s/n 15002, A Coruña Teléfono 981184382 bmontealto@coruna.es
Biblioteca Municipal de Estudos Locais Rúa Durán Loriga 10-1º , 15030, A Coruña Teléfono 981184386 / Fax :981184385 bestudiosl@coruna.es	Biblioteca Os Rosales Praza Elíptica 1-1º 15011 A Coruña Teléfono 981184389 brosales@coruna.es
Biblioteca Municipal Forum Metropolitano Rúa Río Monelos 1, 15006, A Coruña Teléfono 981184298 / fax :981184295 bforum@coruna.es	Biblioteca Municipal Sagrada Familia Rúa Antonio Pereira 1-Bj. 15007 A Coruña Teléfono 981184392 / Fax 981184393 bsagrada@coruna.es

Síguenos en Twitter y Facebook



Bibliotecas Municipais de A Coruña

Bibliotecas Municipais de A Coruña

Club de lectura, Biblioteca Ágora